

DOMINGO XXIX ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA Is 45, 1. 4-6

LECTURA DO LIBRO DE ISAÍAS

Así fala o Señor acerca do seu unxido, Ciro, a quen el colleu da man dereita: el someterá ante si os pobos, eu descubrirei ante el o lombo dos reis. El abre ante si os portóns dobres, as portas non se pecharán ante el. Por causa do meu servo, Xacob, e de Israel, o meu elixido. Si, chameite polo teu nome; creeite, aínda que non me coñecías. Eu son o Señor e non hai outro, fóra de min non hai deus. Ameite, aínda que non me coñecías, para que se saiba desde o nacente ó solpor que non hai cousa sen min. Eu son o Señor e non hai outro.

SALMO RESPONSORIAL Sal 95, 1 e 3. 4-5. 7-8. 9-10a e c

R/. (7b): **Tributade ó Señor honor e forza.**

Cantádelle ó Señor un cántico novo,
cantádelle ó Señor, a terra enteira;
Anunciade entre as xentes a súa gloria;
ante tódolos pobos, as súas marabillas.

Grande é o Señor e digno de loanza,
máis temible ca tódolos deuses.
Os deuses todos das nacións son aparencia,
pero o Señor fixo os ceos.

Tributade ó Señor, pobos todos,
tributade ó Señor honor e forza,
tributade ó Señor a gloria do seu nome.

Collede ofrendas e entrade nos seus adros.

Adorade o Señor no adral sagrado,
trema na súa presenza a terra enteira.
Dicide entre as xentes:
"O Señor é rei, el goberna os pobos rectamente".

SEGUNDA LECTURA 1 Tes 1, 1-5b

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS TESALONICENSES

Paulo, Silvano e mais Timoteo, á Igrexa dos tesalonicenses, en Deus Pai e no Señor Xesús Cristo: deséxanvos gracia e paz. Decote damos gracias a Deus por todos vós, facendo memoria de vós nas nosas oracións. Continuamente nos lembramos diante de Deus, noso Pai, da actividade da vosa fe, do esforzo da vosa caridade e da firmeza da vosa esperanza no noso Señor Xesús Cristo. Ben sabemos, irmáns, benqueridos de Deus, que El vos escolleu. Porque o noso Evanxeo non quedou en palabras no voso caso, senón que se volveu forza exuberante do Espírito Santo.

EVANXEO Mt 22, 15-21

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel tempo, os fariseos fóronse reunir para veren o xeito de sorprenden a Xesús nalgún dito. Así é que lle mandaron algúns discípulos deles con algúns partidarios de Herodes, que lle preguntaron: Mestre, sabemos que es sincero, que de verdade ensína-lo camiño de Deus e que non andas con miramentos, pois non reparas na aparencia das persoas. Dinos, logo, ¿que che parece: Está permitido pagarlle o tributo ó Cesar ou non?

Xesús, que lles coñeceu a malicia, contestoulles: ¿Por que me queredes comprometer, hipócritas? Mostrádeme a moeda do tributo. Eles presentáronlle un denario. E el preguntoulles: ¿De quen é esta imaxe e maila inscrición? Contestáronlle: Do César. Entón replicoulles: Pois logo dádelles ó César o que é do César, e a Deus o que é de Deus.